

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROXECTO *CONTRUÍNDO O COIDADO*, DA UNIDADE DE DEMENCIAS DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA, ENTRE OS MELLORES PROGRAMAS DE HUMANIZACIÓN SEGUNDO OS PREMIOS BEST IN CLASS

- ***Trátase dunha iniciativa pioneira na sanidade pública galega na que un grupo hospitalario multidisciplinar ofrece apoio, asesoramento, formación e información ao cuidador do paciente con demencia***

Santiago, 27 de novembro de 2020.- O proxecto *Construíndo o Coidado*, da Unidade de Demencias da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza acaba de ser seleccionado entre os 5 mellores de España na XV edición dos premios Best in Class 2020 na categoría de Mellor proxecto de humanización de Asistencia Sanitaria.

Esta unidade puxo en marcha, no verán do ano pasado, un grupo hospitalario interdisciplinar de apoio ao cuidador do paciente con demencias. Trátase dunha iniciativa pioneira na sanidade pública galega que pon o acento nas políticas de humanización na saúde.

A idea xurdiu dun estudio iniciado na unidade de demencias do Servizo de Neuroloxía da Área Sanitaria compostelá que tiña como obxectivo medir as estratexias de afrontamento ao estrés dos cuidadores informais de pacientes con estas patoloxías. Segundo o doutor Pías Peleteiro, facultativo desta unidade, “as intervencións realizadas polo equipo investigador observaron como unha ampla porcentaxe de cuidadores terminan sendo pacientes ocultos da enfermidade, sendo máis vulnerables aos trastornos de ansiedade, sobrecarga física e emocional, illamento social, trastornos do sono, automedicación, etc....” Observouse tamén unha insuficiente formación e información sobre o deterioro cognitivo e demencia, o cal derivaba frecuentemente na implementación de pautas de coidado pouco adecuadas. Por iso decidiron crear un grupo integrado por diferentes profesionais que “asesoren ao cuidador co obxectivo de incrementar o seu nivel de coñecemento sobre as patoloxías dexenerativas, interiorizar pautas de coidados adecuadas e incrementar o nivel de resiliencia que amortigüe a ansiedade” engade o doutor Pías.

O programa inclúe a celebración de charlas, xuntanzas, cursos de formación, que se completarán con outras como visitas culturais, mercadiños solidarios, eventos en hortas urbanas ou arteterapia, que poderán desfrutar conxuntamente os enfermos cos seus familiares e que teñen como obxectivo explorar outras vías de comunicación así como mellorar o vínculo cuidador-coidado. Todas estas actividades, deseñadas polo equipo interdisciplinar, pretende tamén fomentar a relación de confianza médico-paciente, que



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parece o contorno óptimo para desenvolver actitudes humanizadoras, tanto cara o enfermo como cara o cuidador.

A actividade deste grupo céntrase nas persoas e pon o acento na mellora da comunicación cuidador-profesional sanitario, a redución de barreiras entre cuidador e facultativo e o uso dunha linguaxe accesible e comprensible. Por outro lado, pretende darlle ao cuidador e ao paciente unha información próxima pero de excelencia científica para favorecer estratexias de afrontamento positivas.

SARS-Covid2, un cambio de rumbo

Debido á pandeima SARS-Covid os doentes e cuidadores quedaron nunha situación de maior vulnerabilidade. O peche dos centros de día ou a limitación de visitas ás residencias, entre outros factores, fixeron que este colectivo se enfrontara a un escenario inédito no coidado. O proxecto, consciente desta situación, reorientou o seu calendario de traballo e emprendeu outras accións cos cuidadores confinados: telasistencia, soporte emocional, recomendacións para sobrelevar o confinamento, actividades de estimulación no fogar, axustes de medicación cos enfermos e apoio telefónico.

Tamén puxeron en marcha a web do grupo onde se pode consultar información sobre as principais demencias, sintomatoloxía clínica, recomendacións de coidado, artigos especializados, lecturas ou links de interese. Amais, o grupo dispón dun correo de contacto para suxerencias. Está en marcha unha newsletter, app de cuidador, conferencias en streaming e reunións virtuais.

Esta aposta telemática xorde do contexto socialmente restritivo imposto pola pandemia. Non obstante, a dispersión poboación de Galicia e as limitacións de movemento inherentes a moitos cuidadores que non poden deixar só ao familiar, ou teñen dificultade de desprazamento ou de acceso a recursos sociosanitarios, fan que esta opción se considere tamén unha baza interesante de cara ao futuro, cando paulatinamente se vai incorporando actividades, continuando así a folla de ruta e dando cobertura asistencial aos 46 concellos que compoñen a área sanitaria.

Baixo a dirección do xefe de servizo de Neuroloxía, o doutor José María Prieto, e a supervisión do doutor José Aldrey, xefe da Unidade de Demencias, dous profesioanis coordinaron as actividades: Ana Díaz Cortes, investigadora de programa “Saúde, discapacidade, dependencia e benestar”, e o doutor Juan Manuel Pías Peleteiro, neurólogo especialista en deterioro cognitivo e demencias. Dada a abordaxe multidisciplinar, o equipo



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conta tamén coa colaboración de diferentes expertos en neuropsicología, neurofisiología, xeriatria, asesoría fiscal, enxeñería informática, neuroarquitectura e traballo social, perfís enfocados a dar solucións concretas á problemática á que se enfrontan diariamente os coidadores.

Saúdos



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"